

# DÍA DE ROSALÍA

**23 DE FEBREIRO**



*Paseniño, paseniño,  
vou pola tarde calada,  
de Bastabales camiño.*

**CEIP Plurilingüe Manuel Murguía  
Feáns-A Coruña  
CEIP Plurilingüe Bragade  
Oza-Cesuras (A Coruña)  
CEIP Ramón de la Sagra  
A Coruña  
CEIP Juan Fernández Latorre  
A Coruña**

**CEIP Ramón Otero Pedrayo  
A Laracha (A Coruña)  
CEIP Emilia Pardo Bazán  
A Coruña  
CEIP Salgado Torres  
A Coruña**



**XUNTA  
DE GALICIA**



**CASA DE ROSALÍA**



**Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega**

# Rosalía de Castro

Rosalía de Castro naceu en Santiago de Compostela o 23 de febreiro de 1837. Ao día seguinte foi bautizada cos nomes de María Rosalía Rita.

A infancia pasouna coas súas tías entre Ortoño, Padrón e Santiago de Compostela onde participou nas actividades do Liceo da Xuventude e coñeceu a Eduardo Pondal, Aguirre e Paz Novoa.

Casou co historiador Manuel Murguía, fundador da Real Academia Galega e polo traballo del viviron en Madrid e na localidade valisoletana de Simancas, aínda que facían numerosas viaxes a Galicia.


En 1983 editou en Vigo *Cantares Gallegos*, que é o primeiro libro de poesía escrito en galego nunha época na que o noso idioma desaparecera da lingua escrita. Para celebrar este acontecemento cada 17 de maio celebramos o Día das Letras Galegas.

Rosalía está considerada como unha das poetas máis importantes do século XIX e como a principal figura do Rexurdimento da nosa lingua como Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez.

Rosalía faleceu na súa casa da Matanza, en Padrón, o 15 de xullo de 1885, aos 48 anos.



Manuel Murguía e Rosalía de Castro cos seus fillos, nunha fotografía de 1884.



# Que sabes de Rosalía?

1. Onde naceu Rosalía de Castro?

---

2. Que tres nomes lle puxeron a Rosalía?

---

3. Como se chamaba a sociedade de Santiago de Compostela onde Rosalía coñeceu a Pondal, Aguirre e Paz Novoa?

---

4. Con quen casou Rosalía? Arrodea.



<b>Eduardo Pondal</b>	<b>Manuel Murguía</b>	<b>Añón Paz</b>
<b>Curros Enríquez</b>	<b>Labarta Pose</b>	

5. Que fundou Manuel Murguía? Completa.

**A** \_ \_ \_ **L**  
\_ \_ \_ \_ **M** \_ \_ \_ **L** \_ \_ \_



6. Cal é o libro de poesía de Rosalía de Castro editado en Vigo no ano 1883? Arrodea.



7. Que celebramos cada 17 de maio? Arrodea.

**O Día das Artes Galegas**

**O Día de Rosalía**

**A Festa da Pita das Eiroás**

**O Día das Letras Galegas**

**O Martes de Entroido**

8. Por que celebramos o Día das Letras Galegas o 17 de maio?

---

9. En que localidade estaba a casa da Matanza na que faleceu Rosalía de Castro?

---

10. Ilustra o cartel do Día de Rosalía. Colorea.

**DÍA DE ROSALÍA**  
**23 FEBREIRO**  
**2024**

# As obras de Rosalía de Castro


1. Repara no código e completa os títulos de catro obras de Rosalia de Castro.

1	→	M	2	→	N	3	→	G	4	→	D	5	→	T
6	→	O	7	→	C	8	→	L	9	→	S	10	→	i
11	→	E	12	→	R	13	→	A	14	→	V	15	→	F
16	→	Ñ												

7	6	2	5	6	9	4	13	1	10	16	13	5	11	12	12	13

15	6	8	8	13	9	2	6	14	13	9


13	8	13	9	6	12	10	8	8	13	9
4	11	8	9	13	12					



7	13	2	5	13	12	11	9	3	13	8	8	11	3	6	9

# 0 encrucillado de Rosalía

1. Resolve o encrucillado con datos da biografía e da obra de Rosalía.



## HORIZONTAIS


1. Mes no que naceu Rosalía de Castro.
2. Apelido dun poeta que Rosalía coñeceu en Santiago, Eduardo...
3. Mes no que faleceu Rosalía en 1885.
4. Provincia onde está a localidade de Simancas.
5. Mes no que se celebra o Día das Letras Galegas, o 17 de...
6. Localidade valisoletana na que traballou como historiador Murguía.
7. Localidade galega onde estaba o Liceo da Xuventude.
8. Localidade coruñesa na que Rosalía pasou parte da súa infancia.
9. Nesta cidade editouse en 1883 *Cantares Gallegos*.
10. Outra localidade na que pasou a súa infancia Rosalía.
11. Profesión de Manuel Murguía, o marido de Rosalía de Castro.

1. FEBREIRO 2. PONDAL 3. XULLO 4. VALLADOLID 5. MAIO 6. SIMANCAS  
7. SANTIAGO 8. ORTÓN 9. VIGO 10. PADRÓN 11. HISTORIADOR




# O crebacabezas de Rosalía

1. Recorta, pega e compón o crebacabezas coa imaxe de Rosalía.



# O labirinto de Rosalía

1. Que camiño terá que seguir Rosalía para chegar ao convento de Santo Agostiño, onde está o Liceo da Xuventude, para ver os seus amigos Pondal, Aguirre e Paz Novoa?





# **Cantarte hei, Galicia**

## **De *Cantares Galegos* de Rosalía de Castro**

Cantarte hei, Galicia,  
teus doces cantares,  
que así mo pediron  
na beira do mare.

Cantarte hei, Galicia,  
na lingua galega,  
consolo dos males,  
alivio das penas.

Mimosa, suave,  
sentida, queixosa;  
encanta se ri,  
conmove se chora.

Cal ela, ningunha  
tan doce que cante  
soidades amargas,  
sospiros amantes,  
misterios da tarde,  
murmurios da noite:


Cantarte hei, Galicia,  
na beira das fontes.  
Que así mo pediron,  
que así mo mandaron,  
que cante e que cante  
na lingua que eu falo.

Que así mo mandaron,  
que así mo dixeron...  
Xa canto, meniñas.  
Coidá que comenzo.




# Cantarte hei, Galicia

1. Cantas estrofas teñen estes versos de Rosalía? Arrodea.



2. A que lingua se refire o poema? Segue o código e completa.



3. De que fala o poema? Arrodea.

**De traballar os sábados e domingos  
De interpretar cancións populares  
Da utilización da lingua galega**

4. Quen lle manda á protagonista da poesía cantar en galego? Arrodea.

**As autoridades municipais  
O pobo galego  
O profesorado de primaria**

5. Que cinco adxectivos utiliza Rosalía para cualificar a lingua galega?

**longa mimosa rápida suave traballadora  
sentida fría quente queixosa alta doce áxil**

6. Lembra o poema, relaciona e colore a da mesma cor as parellas.

**Alivio**

**dos males**

**Consolo**

**se ri**

**Encanta**

**se chora**

**Conmove**

**das penas**

7. Colorea o que pensa Rosalía de Castro sobre quen ten que utilizar o idioma galego.


**As persoas que traballan no campo.**

**A xente que traballa no mar.**

**Todos os galegos e galegas.**

**As xogadoras do Deportivo e do Celta.**

8. Escribe, ilustra e colore a un lema que anime a falar en galego.



# As de Camariñas visten


## De *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro

As de Camariñas visten  
cal rapaciñas gaiteras,  
saias de vivas cores  
polo pescozo da perna,  
lucindo o negro zapato  
enriba de branca media;  
chambras feitas de mil raias  
azuladas e vermellas,  
con guarnicións que lles caen  
sobre a rumbosa cadeira.  
Para tocar o pandeiro  
non hai coma tales nenas,  
que son as camariñas,  
feitas de sal e canela.



# As de Camariñas visten

1. Completa cos datos da portada do libro.



**Autora**



**Título**



**Editorial**



**Localidade**



2. Como son as saias das rapaciñas gaiteras de Camariñas?

---

3. De que cor son os seus zapatos?

---

4. De cantas raias están feitas as súas chambras?

---

5. E de que cores son estas raias?

---

6. Como se chaman as persoas ou habitantes de Camariñas? Arrodea.

**camariñeiras    camariñáns    camareiros**  
**camaróns    camaretas    camoesas**



7. Completa cos adxectivos que acompañan no poema estes nomes.

**Rapaciñas** > \_\_\_\_\_

**Zapato** > \_\_\_\_\_

**Chambras** > \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_


**Zapato** > \_\_\_\_\_

**Media** > \_\_\_\_\_

**Cadeira** > \_\_\_\_\_

8. Colorea a rapaza protagonista do poema de Rosalía.

*Para tocar o pandeiro  
non hai coma tales nenas,  
que son as camarínas,  
feitas de sal e canela.*




# **Este vaise e aquel vaise**

## **De *Follas Novas* de Rosalía de Castro**

Este vaise e aquel vaise,  
e, todos, todos se van.  
Galicia, sen homes quedas  
que te poidan traballar.


Tes, en cambio, orfos e orfas  
e campos de soedade,  
e nais que non teñen fillos  
e fillos que non teñen pais.

E tes corazóns que sofren  
longas ausencias mortais,  
viúvas de vivos e mortos  
que ninguén consolará.



# Este vaise e aquel vaise

1. Observa a portada e completa os datos.



**Título**

**Idioma dos versos**

**Autora**

**Editor**

**Lugar de edición**

2. Cal é o tema do poema *Este vaise e aquel vaise*? Arrodeia.

**As viaxes turísticas    A emigración    Os cultivos**  
**As visitas ao hospital    As vacacións escolares**

3. Inventa un título para o poema

---

4. Por que motivos cres que a xente emigra da súa terra?

---

5. Que consecuencias ten que emigren os homes e as mulleres? Pon **V** se é verdadeiro e **F** se é falso.

- Descende a poboación do país.**
- Non pasa nada, xa virán outros.**
- Hai máis alimentos para os que quedan.**
- Queda moita tristura polos que emigran.**
- As escolas quedan sen alumnado.**

6. Segundo o poema, quen emigraba de Galicia?

---

7. Relaciona e colorea da mesma cor cada palabra co seu significado.

<b>Orfo e orfa</b>	Muller que perdeu o seu cónxuxe por falecemento.	Menor de idade que perdeu os seus pais ou un deles.
<b>Viúva</b>	Home ou muller que tiveron un ou máis fillos.	Calquera persoa en relación aos seus pais.
<b>Fillo</b>		
<b>Pai e nai</b>		

8. Pon a traballar a memoria e completa esta estrofa do poema.

todos  
traballar  
homes  
vaise

Este \_\_\_\_\_ e aquel vaise,  
e, todos, \_\_\_\_\_ se van.  
Galicia, sen \_\_\_\_\_ quedas  
que te poidan \_\_\_\_\_.